

*tion de Administración da Xunta de Galicia, grupo B, escala técnica de estatísticos, pola que se fan públicos a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.*

En sesión que tivo lugar o día 21 de maio de 2002, o tribunal designado por Orde do 23 de abril de 2002 para cualifica-lo proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, grupo B, escala técnica de estatísticos, convocado por Orde do 12 de decembro de 2001, acordou, de conformidade co disposto na base II.1 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición se realizará o día 11 de xullo de 2002, na aula 17 da Escola Galega de Administración Pública, situada na rúa Madrid, 2-4 en Santiago de Compostela, en chamamento único.

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 15 de maio de 2002 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir postos de profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios prevé, no seu artigo 3.2º,

que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e polo prazo que se determine na convocatoria, as devanditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos para a súa provisión mediante nomeamento temporal con reserva do posto de traballo de orixe e polo tempo que se estableza na correspondente convocatoria, que en ningún caso poderá exceder en máis de seis anos.

Así mesmo, o artigo 5 do devandito decreto establece que poden ser cubertas por este mesmo procedemento aquelas prazas que, segundo as previsións que contén o artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de educación xeral do sistema educativo, favorezan as elaboracións de proxectos, innovacións curriculares, metodolóxicas, etc. entre as que existen prazas de recente implantación ou de difícil cobertura polo procedemento ordinario.

Sendo necesaria a provisión de distintas prazas por mor dos diversos convenios entre a administración educativa e distintas institucións ou entidades a que se refire o artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, e outras incluídas no artigo 5 do devandito decreto, e tendo en conta a habilitación que figura na disposición derradeira primeira do mesmo decreto que autoriza o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dictar as disposicións que sexan precisas para a súa aplicación e desenvolvemento.

É polo que esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Primeiro.-Convocar concurso público de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios, para adxudicar en comisión de servizos as prazas que figuran no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán participar nesta convocatoria os funcionarios de carreira dos corpos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarias con destino actual no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que contén, polo menos, con tres anos de servizo como docentes en centros públicos, contabilizados ata o 31 de agosto de 2002 e xustifiquen documentalmente reuni-los requisitos sinalados para cada posto.

Terceiro.-O prazo para a presentación de instancias para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, será de vinte días naturais desde a publicación da presente orde e poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais, ou ben na forma prevista no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante a oficina de correos, farase en

sobre aberto para que a instancia sexa selada e data polo funcionario de correos antes de ser certificada.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e demais documentación non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo establecido para as reclamacións sinaladas no punto sexto, entendendo que tal renuncia afecta a tódalas peticións formuladas.

Cuarto.-Aínda que se concurse a máis dunha praza os concursantes presentarán unha única instancia, acompañada dunha fotocopia desta e unha folla de alegacións e autobaremación, axustada ó modelo que se poñerá á disposición dos interesados nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e simultaneamente presentarán, para a demostración dos méritos, os documentos que se indican no baremo que aparece como anexo II.

Os concursantes presentarán ademais:

-Proxecto de traballo sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes ó posto que se solicita, tendo en conta as características deste, cunha extensión máxima de 20 folios.

Tódalas fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsión, expedidas polos directores dos centros ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsión.

Quinto.-A selección dos aspirantes será realizada por unha comisión que presidirá o secretario xeral ou persoa na que delegue, e da que formarán parte.

-2 vocais coa categoría de subdirectores xerais ou xefes de servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-2 inspectores de Educación.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario con voz e sen voto.

-Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante para asistir ás sesións da comisión.

-A comisión poderá solicitar a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, limitándose os devanditos asesores a prestaren a súa colaboración.

Sexto.-Para a valoración dos puntos 1, 2, 3.1, 3.2 e 4.1 do baremo establecido no anexo II a comisión de selección delega esta función unha subcomisión formada por funcionarios da Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Unha vez feita esta, os resultados serán publicados nos taboleiros de anuncios da consellería

e das delegacións provinciais, sinalando a relación de excluídos e a causa da súa exclusión e establecendo un prazo de 8 días naturais desde a súa exposición para presenta-las reclamacións que procedan.

Tódolos aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto poderán ser convocados pola comisión de selección á realización dunha entrevista para mellor aprecia-las circunstancias que concorren neles, e que versará sobre o proxecto presentado.

Sétimo.-Os membros da comisión e subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 299/1990, do 24 de maio, estando cualificadas na categoría primeira.

Oitavo.-Aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, no caso de ter lugar, non poderán ser propostos pola comisión. Serán seleccionados aqueles aspirantes que obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acaden as maiores puntuacións no total dos puntos considerados no baremo establecido no anexo II, para a praza que solicitan.

Noveno.-No caso de producírense empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse, atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos puntos 5, 1, 3.3, 4.2, 3.1, 3.2, 4.1 e 2.

Décimo.-Unha vez realizado todo o proceso anterior, a comisión de selección propondrá ó conselleiro

de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación dos postos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificados, para tódolos efectos, os concursantes ós que lles afecte. Contra esta resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición perante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderase formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme se establece nos capítulos II e III da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Décimo primeiro.-O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de 6 meses contados desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Décimo segundo.-Os seleccionados deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2002, cesando no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

As prazas adxudicadas serano en comisión de servizos, por un período de dous anos e un máximo de seis e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2º do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo.

Décimo terceiro.-Esta disposición entrará en vigor o mesmo día ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2002.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO I

Nº posto	Convenio	
1	Cáritas Diocesana de Lugo para o desenvolvemento do programa de educación compensatoria «Preescolar na Casa».	
	Destino	Zonas de traballo de Preescolar na Casa, que se especifican a continuación: Provincia de Lugo: 1 equipo T.V. Provincia de Pontevedra: concellos de: 1. Arbo, Avión, A Cañiza, Covelo, Mondariz, As Neves, Crecente, Salvaterra de Miño, Pontearreas.
	Prazas	Lugo: 1 (equipo T.V.), Pontevedra: 1; todas de mestres.
	Funcións	Estudio da zona (recollida de datos, convocatorias e visitas a familias). Planificación e realización de xuntanzas quincenais coas familias, tratando de salienta-lo valor do cotiá, a utilidade dos materiais do contorno, impulsando a reflexión dos adultos e o intercambio entre eles. Contacto coas persoas e institucións da zona que poidan ter relación co traballo (pediatras, asistentes sociais, mestres, etc.). Colaborar cos diferentes medios do programa (revista, radio e televisión). Participar nas reunións de zona e xerais. Comprometerse coa formación. Organización de actividades diferentes ás reunións de orientación (excursións, charlas, exposicións, etc.).
	Observacións	Carné de conducir e dispoñibilidade de vehículo. De acordo coas necesidades do programa as zonas de traballo poden sufrir modificacións ó longo do curso.

Nº posto	Convenio	
2	Secretaría Xeral para o Deporte.	
	Destino	Servicios provinciais (A Coruña, Lugo), servicios centrais (Santiago de Compostela).
	Prazas	3 mestres ou profesores de ensino secundario. A Coruña: 1. Lugo: 1. Santiago de Compostela: 1.
	Funcións	Desenvolvemento da campaña do deporte en idade escolar. Participación na programación e divulgación da campaña de deporte en idade escolar e as zonas e comarcas da súa área de actuación. Organización e seguimento de competicións deportivas. Coordinación de grupo de traballo e dinamización da campaña. Elaboración de memorias e estatísticas da campaña.
	Requisitos	Experiencia en organización de competicións deportivas en idade escolar.
	Observacións	Horario axeitado ás necesidades da actividade deportiva e ó seu desenvolvemento (tardes e fins de semana). Necesidade de desprazamento ás competicións ou servicios de coordinación.
3	Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.	
	Destino	Centros de reeducación dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude en: Ourense. Pontevedra.
	Prazas	Prazas: 3 mestres. Ourense: 2 postos. Pontevedra: 1 posto.
	Funcións	Organizar e coordina-las actividades educativas docentes. Apoia-la integración sociolaboral dos internos.
	Requisitos	Experiencia de tres anos, como mínimo, na educación de adultos e de traballo con persoas con necesidades educativas especiais. Coñecementos en informática de usuario.
	Observacións	Disponibilidade horaria (xornada partida para adaptarse ás necesidades dos internos).
4	<i>Asociación diminuídos psíquicos de Santiago (ASPAS).</i>	
	Destino	Santiago de Compostela.
	Prazas	1 para mestres.
	Funcións	Integración social dos xoves diminuídos. A través do traballo como terapia fundamental mellora-la situación persoal e a calidade de vida destes xoves discapacitados. Actividades axeitadas á súa situación. Realizar e, se é o caso, coordinar tódalas actividades escolares e extraescolares do centro. Traballo en programas de desenvolvemento integral.
	Requisitos	Experiencia en educación especial. Especialista en pedagogía terapéutica ou en orientación educativa. Coñecemento de traballo en manualidades, encadernación, cerámica, etc.
	Observacións	Horario adaptado ás necesidades do centro.
5	<i>Caixa Galicia.</i>	
	Destino	<i>Caixa Galicia</i> de Monforte de Lemos.
	Prazas	1 de mestres.
	Funcións	Docentes propias do posto.
	Requisitos	Especialidade en educación infantil.
6	Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.	
	Destino	Hospital Islas Cíes de Vigo.
	Prazas	1 para mestres.
	Funcións	Proseguir-la súa formación durante a permanencia no hospital, sen que a actividade docente cause prexuízos ó seu benestar e non obstaculice os tratamentos correspondentes. Manter hábitos de estudo. Coordinación cos centros educativos ós que asisten normalmente. Estimula-la actividade creativa para evita-lo aburrimiento. Dar un carácter positivo e contido formativo ós tempos libres e de ocio no hospital.
	Requisitos	Competencia como asesor e traballo en equipo co persoal do centro hospitalario. Cursos relacionados coa saúde.
	Observacións	Horario adaptado ás necesidades do centro.
7	Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.	
	Destino	Servicio de Igualdade. Santiago de Compostela.
	Prazas	1 para profesores de ensino secundario.
	Funcións	Elaboración de material didáctico destinado ó alumnado. Revisión e adecuación do material formativo ó principio de non discriminación por razón de xénero. Deseño de cursos formativos en políticas de igualdade e coeducación destinadas á comunidade escolar e outros colectivos. Organización de actividades formativas en materia de igualdade para o profesorado dos distintos niveis educativos. Elaboración de materiais de coeducación dirixidos á prevención da violencia contra as mulleres e difusión destes materiais entre a comunidade escolar.

Nº posto	Convenio	
	Requisitos	Coñecemento exhaustivo do sistema educativo. Coñecemento das políticas desenvolvidas na actualidade para fomenta-la igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Coñecemento e experiencia en programas de prevención de violencia de xénero, aplicada o ámbito educativo. Experiencia en organización, coordinación e xestión de formación dirixida ó profesorado en temas de educación para a igualdade. Experiencia en organización, coordinación e xestión da formación dirixida a pais e nais para fomenta-la educación para a igualdade desde o ámbito familiar. Revisión e elaboración de proxectos, programas e materiais didácticos desde a perspectiva integradora de xénero. Experiencia docente de educación para a igualdade en cursos e actividades formativas dirixidas a profesionais docentes.
	Observacións	Horario adaptado ás necesidades do posto.
8	<i>Fundación Galicia-América.</i>	
	Destino	Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires (Arxentina).
	Prazas	1 para mestres, especialista en lingua galega. 1 para profesores de ensino secundario, licenciado en filoloxía galega, ou nas subseccións de galego-portugués de filoloxía hispánica ou galaico-portuguesa de filoloxía románica.
	Funcións	Impartición de lingua, literatura e cultura galegas ó alumnado do colexio, e organizar actividades para a colectividade de orixe galega relacionada co centro.
	Requisitos	Diploma de especialista en lingua galega ou licenciatura en filoloxía galega ou nas subseccións de galego-portugués de filoloxía hispánica ou galaico-portuguesa de filoloxía románica.
	Observacións	Disponibilidade horaria para adaptarse ás necesidades do centro.

## ANEXO II

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de carreira dun corpo docente...	0,50 puntos	5 puntos	
2. Méritos académicos:		2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas.
2.1. Polo título de doutor .....	1 punto		
2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñería, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes .....	0,5 puntos		
2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura .....	0,25 puntos		
3. Formación e perfeccionamento:		6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada.
3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados) .....	Ata 2 puntos		
3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos (0,10 puntos por cada 10 horas) .....	Ata 1 punto		
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto ó que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas) .....	Ata 3 puntos		
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas:		3 puntos	Documentación orixinal
4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral.....	Ata 1 punto		
4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita .....	Ata 2 puntos		
(Deberán conte-lo ISBN, agás as excepcións consideradas na lexislación vixente)			
5. Proxecto de traballo: O proxecto de traballo deberá conte-los obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición á que corresponde a praza que se solicita.....	Ata 6 puntos polo proxecto	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios
(puntuación mínima esixida por este punto: 4 puntos)			
6. Entrevista sobre o proxecto presentado (puntuación mínima esixida por este punto: 4 puntos)	Ata 6 puntos pola entrevista	Ata 6 puntos	



Concepto	Puntuacións parciais	Total
1. Antigüidade (Máximo 3 puntos) Por cada ano de funcionario de carreira no corpo docente.....	0,50	
2. Méritos académicos (Máximo 2 puntos)		
2.1 Polo título de doutor.....	1	
2.2. Titulacións segundo ciclo.....	0,5	
2.3. Titulacións primeiro ciclo.....	0,25	
3. Formación e perfeccionamento (Máximo 6 puntos)		
3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por c/10 horas).....	Ata 2 puntos	
3.2. Por outras actividades de formación (0,10 puntos por c/10 horas) .....	Ata 1 punto	
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto ó que se pretende acceder (0,10 puntos por c/10 horas) ..	Ata 3 puntos	
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas (Máximo 3 puntos)		
4.1. Por publicacións de carácter didáctico....., de carácter xeral	Ata 1 punto	
4.2. Por publicacións de carácter didáctico....., relacionadas coa praza que solicita	Ata 2 puntos	

Segundo.-O cesamento no actual destino do laboral fixo que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data na que debe cesar no seu destino o laboral fixo está desfrutando un período de licencia, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ó da súa incorporación. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria o cómputo do prazo iniciárase a partir da correspondente alta.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente presta os seus servizos o laboral fixo, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 7.3º do III convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Terceiro.-O xefe do centro no que cause baixa o laboral fixo, así como o daquel no que obteña destino, consignarán no expediente administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se dará traslado, mediante copia, á Dirección